

Solucionario

Nome da actividade e Fase

2.1 Narrativa

Signos de puntuación

Ler e completar cos signos de puntuación axeitados.

Actividade 1

Era unha tarde que estaba coa avoa . E foi ela quen se decatou :

– Cariño , corre ! – díxome – , que aquela nena esvarou e vai afogar !

Metinme no estanque con zapatos e todo . Dábame pola cintura .

Ao saír da auga , a xente do parque fixo unha roda arredor .

Todos tiñan cara de susto . E ata chamaran aos bombeiros e á policía .

Pero cando chegaron cos seus coches e as súas sirenas , eu xa a tiña salvado .

– Es un valente , rapaz ! – díxome un bombeiro .

Actividade 2

Coralia e Maruxa Saían todos os días dar un paseo, sempre ás dúas en punto, engalanadas cos seus vestidos rechamantes e maquilladas con pós de arroz. Maruxa, a maior das dúas, piropeaba aos estudantes coidando que todos os homes estaban namorados delas. Maruxa morreu en 1983 e Coralia uns meses despois, logo de pasar un tempo cunha irmá na cidade da Coruña. Agora a súa memoria forma parte da imaxe pública da cidade. Unha escultura de César Lombra reproducía os vestiarios coloridos que gastaban na entrada da Alameda compostelá e entre os moitos souvenirs que as tendas comercializan tamén aparecen as súas figuras inimitables.

Xosé Henrique Rivadulla Corcón dirixiu un documental titulado

“Coralia e Maruxa, as irmás Fandiño”(2007) onde se conta a historia trágica destas mulleres que tolearon a causa da represión.

Actividade 3

Tranquilo , home !que para mañá está .
Dacordo , e logo imos comer ?
E iremos , podemos ir á de Alberto . Nunca estivestes ?
Pois non. Non será unha marisquería ?
Pois é , porque ... non te preocupes que pago eu .
Non esperaba menos , que sempre pago eu .
Sempre ! que non estou eu será , ha ,ha , ha .